



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Socioloxía da educación		Código	652G01003	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Carames Balo, Rosa Elena		Correo electrónico	rosa.carames@udc.es	
Profesorado	Cabaleiro Durán, David		Correo electrónico	david.cabaleiro.duran@udc.es	
	Carames Balo, Rosa Elena			rosa.carames@udc.es	
	Núñez Martínez, Mateo			m.nunez1@udc.es	
Web					
Descrición xeral	A asignatura de Socioloxía da Educación é o estudo dende a perspectiva sociolóxica do feito social da educación. Polo tanto, resulta ser unha introducción ó estudo sistemático e científico das relacións entre as sociedades e os seus diversos individuos, colectivos e os feitos educativos diferenciais (ou non) conforme ás diferentes culturas e as súas transformacións. A educación non pode estudiarse como un feito social illado, por iso é preciso abordar a súa comprensión dun xeito holístico sen esquecer os vencellamentos entre os niveis macro e micro sociolóxicos. A Socioloxía é a ciencia que analiza os feitos sociais aplicando métodos empíricos. Posto que a educación é un fenómeno social que está imbricado na estrutura da sociedade, resulta fundamental aproximarse ó seu estudo dende una comprensividade sociolóxica. De tal xeito que a educación forma parte dun macrosistema social e cultural maior que fai que se atope condicionada por diferentes factores sociais, tales como a estratificación social, a desigualdade social, os ideais pedagóxicos, as políticas educativas, etc. Para coñecer e analizar en profundidade estes feitos sociais, durante o desenvolvemento da asignatura, formarase ó alumnado nos paradigmas teóricos da socioloxía clásica e a seu vencellamento coa Educación formal e tamén en contextos/articulacións non formais ou non explícitas; analizarase o papel da escola como axente socializador; o nexo relacional entre a economía, a estratificación social e a educación, a construción social das diferencias sexuais; a diversidade étnica e a escola; etc. Ademáis, proporcionaranse ferramentas metodolóxicas para o estudo de fenómenos sociais e algunhas das principais técnicas de investigación social (enquisa, entrevista en profundidade, observación participante, grupo de discusión, etc.) e tamén sinxelas análises cuantitativas.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



As actividades iniciais, as lecturas, as sesións maxistras, as presentacións orais, os traballos tutelados, as simulacións, os obradoiros, as saídas de campo preparan ó alumnado cun saber para despois saber facer e acadar ó final tamén un saber ser e estar. En todo este traballo é moi importante que saiban a importancia que ten en todo isto o traballo colaborativo entre o alumnado e o profesorado, na súa formación recíproca ó longo de toda a vida. Resulta importante que fagan unha elaboración comprensiva e comprensiva da teoría e da práctica e que non se queden nas aprendizaxes fragmentadas que poidan acadar a través de diferentes microprocesos como poden ser a lectura, a escritura, a observación, o rexistro da información, a análise de datos, as conclusións, etc. de todas as actividades realizadas ó longo do cuatrimestre que lles permita unha competencia responsable e vital para a resolución de problemas o longo da súas traxectorias laborais. Así mesmo servirán para axudar a comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar, coñecer a dimensión pedagóxica da integración cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades coletivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual, situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional en distintos contextos sociohistóricos, coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar, adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia e acadar coñecemento de outras culturas e de outras costumes.	A1	B1	C1
	A5	B2	C4
	A6	B3	C6
	A8	B4	C7
	A10	B10	C8
	A11	B11	
	A12	B12	
	A13	B13	
	A14	B15	
	A19	B16	
	A21	B17	
	A23	B19	
	A24	B20	
	A25	B22	
	A26	B24	
	A27	B25	
	A29		
	A36		
	A37		
	A44		
A45			
A55			
A57			
A60			
A62			
A63			



<p>As actividades iniciais, as lecturas, as sesións maxistras, as presentacións orais, os traballos tutelados, as simulacións, os obradoiros, as saídas de campo preparan ó alumnado cun saber para despois saber facer e acadar ó final tamén un saber ser e estar. En todo este traballo é moi importante que saiban a importancia que ten en todo isto o traballo colaborativo entre o alumnado e o profesorado, na súa formación recíproca ó longo de toda a vida. Resulta importante que fagan unha elaboración comprensiva e comprehensiva da teoría e da práctica e que non se queden nas aprendizaxes fragmentadas que poidan acadar a través de diferentes microprocesos como poden ser a lectura, a escritura, a observación, o rexistro da información, a análise de datos, as conclusións, etc. de todas as actividades realizadas ó longo do cuatrimestre que lles permita unha competencia responsable e vital para a resolución de problemas o longo da súas traxectorias laborais. Todas estas actividades e traballos no seu conxunto axudaranlles a saber, saber facer e saber ser/estar no mantemento de lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo, a promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá, a analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxe audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable. As actividades realizadas axudaranlles a comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuir á innovación e á mellora en educación infantil, a abordar análises de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais, a saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións así como, a valorar a importancia do traballo en equipo, coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia, coñecer a importancia da tradición oral e o folclore e das linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas. Facilitarán o coñecemento e a aplicación dos procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia, a participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica, e dicir, aprender a aprender, a aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo, a traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor, a traballar de forma colaborativa, con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. Tamén para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente e ter capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través de reflexión sobre a propia práctica. Asimismo, servirán para fomentar a creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas, o recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade, practicar na utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional e desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Asimismo, estarán nunha mellor disposición para valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, asumindo como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida e a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.</p>	A1	B1	C1
	A5	B2	C4
	A6	B3	C6
	A8	B4	C7
	A10	B5	C8
	A11	B6	
	A12	B10	
	A13	B11	
	A14	B12	
	A19	B13	
	A21	B15	
	A23	B16	
	A24	B17	
	A25	B18	
	A26	B19	
	A27	B20	
	A29	B22	
	A36	B24	
	A37	B25	
	A44		
A45			
A60			
A62			
A63			

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. ¿Qué é a socioloxía?	A socioloxía como ciencia social. Marcos conceptuais, epistemolóxicos e comenzos metodolóxicos. As diferenzas e as desigualdades.
Tema 3. Metodoloxías e ferramentas para o estudio e coñecemento sociolóxico.	Metodoloxía cuantitativa. Metodoloxía cualitativa. Fontes e ferramentas para a obtención de datos. As etapas da investigación.
Tema 2. ¿Qué estudia a socioloxía da educación?	A educación como feito social e obxecto de estudio sociolóxico. A educación contra a desigualdade. A familia, os tempos lúdicos e de lecer, os iguais, os m.c.m. e as NNTTIICC, cultura, coñecemento, etc. A educación como mecanismo de igualdade e liberdade.
Tema 4. Macrosocioloxía da educación.	Políticas educativas, economía da educación e idearios pedagóxicos. Os xeitos de vida, o consumo e a sostibilidade. O xénero. A inmigración. As infancias.
Tema 5. Microsocioloxía da educación.	O proceso de socialización e os seus tipos. Os axentes de socialización. As organizacións educativas formais e non formais.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 A36 A37 B6	3	3	6
Proba obxectiva	A62 A63 B1 B10 C1	3	32	35
Sesión maxistral	A1 A27 B3 B11	16	16	32
Obradoiro	A8 A21 A26 A29 A44 A45 A60 B2 B5 B12 B17 B20 C1 C4	30	6	36
Saídas de campo	A23	2	18	20
Glosario	A37 A44 A55 A62 B1 B3 B4 B10 B11 B12 B13	0	20	20
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Proba obxectiva	<p>Probas escritas utilizadas para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúen un instrumento de medida que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>As probas obxectivas poden combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se poden construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Sesión maxistral	Exposición oral complementada con diverso material impreso (artigos, apuntes, capítulos, noticias, etc.) deixado pola profesora no servizo de reprografía da Facultade de Ciencias da Educación e que terá que recoller o alumnado da materia de Socioloxía da Educación do Grao de Educación Infantil, para que a través do seu estudo e traballo, resumen e resolución e/ou entrega das actividades formuladas ao alumnado poida éste acadar os coñecementos da materia, apoiando deste xeito as explicacións das sesións maxistrals e facilitando as aprendizaxes.
Obradoiro	Aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través do que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente teórico-prácticas sobre temas específicos, co apoio e supervisión do profesorado.
Saídas de campo	Obtención de datos a través da aplicación dalgunha ferramenta de investigación.
Glosario	Explicación e contextualización dun conxunto de termos ou conceptos propios dun material especializado para facilitar a súa comprensión

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba obxectiva Obradoiro	<p>Poden combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación, de todos aqueles aspectos teórico-prácticos e de lecturas da materia.</p> <p>Nos obradoiros dentro da aula traballarase calquera tipo de aspectos relacionados co desenvolvemento das distintas aplicacións teórico-prácticas e lecturas da materia.</p>
------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A62 A63 B1 B10 C1	<p>Probas escritas utilizadas para a avaliación das aprendizaxes, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>As probas obxectivas poden combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>	50
Obradoiro	A8 A21 A26 A29 A44 A45 A60 B2 B5 B12 B17 B20 C1 C4	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre temas específicos, co apoio e supervisión do profesorado.</p>	50

Observacións avaliación



No segundo día de clase é obligatoria a entrega na aula por parte do alumnado da materia dunha ficha individual en formato papel á profesora cunha foto actualizada e datos persoais do alumno ou da alumna.

O longo do cuatrimestre terán lugar sesións de exposición oral (clases maxistras) nas que a profesora/profesor explicará o contido teórico da asignatura, combinadas coas correspondentes clases de docencia e explicacións para os grupos pequenos/"interactivos" nas que o alumnado levará a cabo os correspondentes obradoiros e presentacións orais presenciais na aula de prácticas, recensións, lecturas desenvolvidas, etc. A avaliación da asignatura terá en conta un seguimento activo por parte do alumnado dos contidos desenvolvidos (asistencia, participación na aula, colaboración e implicación no traballo das prácticas, etc.), así como una proba de examen para a superación da parte teórica e prácticas da asignatura donde se valorarán os coñecementos adquiridos. No seu conxunto a asistencia as clases, realización e exámenes das prácticas e da teoría contribuirán ao 100% da calificación obtida na materia.

A preparación da proba obxectiva ou examen da parte teórica farase a partir dos apuntes que o alumnado teña tomado e elaborado a partir da súa asistencia as clases e dos materiais indicados pola profesora e traballados polo alumnado perante o curso.

O alumnado que suspenda a materia na primeira convocatoria e o alumnado que (por motivo debidamente acreditado) non concurra á aula coa responsabilidade, asiduidade e constancia que require o seguimento da teoría e debida realización das prácticas da asignatura, é dicir, que non leven un seguimento asiduo e activo da materia, poderán examinarse a través dunha proba de preguntas-tema a través de respostas debidamente elaboradas e conforme ó temario da asignatura (que se traballará a partir das fontes bibliográficas, sobre todo o manual indicado para a materia) -nas convocatorias correspondentes de xaneiro e/ou xullo- dos contidos desenvolvidos no programa da asignatura, poidendo obter a través de esta proba só un 5 como calificación máxima. Previamente terá que ter traballada unha recensión bibliográfica coas indicacións das lecturas dadas pola profesora en titorías previamente concertada e entregada coa dimensión e nas datas fixadas pola profesora (esta recensión será avaliada sobre 2,5 puntos como máximo).

*Os criterios e a planificación desta guía docente son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado e segundo o criterio da profesora poderán ser obxecto dalgunha adaptación para superar a casuística específica e debidamente xustificada do alumnado, incluíndo a dispensa académica de exención de asistencia. Todo isto deberá ser debidamente informado e xustificado á profesora nunha titoría previamente concertada e fixada mediante solicitude por correo electrónico, cunha semana de antelación como mínimo, para ser tratadas as excepcións á norma correctamente e explorar e poder entón decidir as posibles adaptacións ou non das casuísticas irregulares.

**A realización fraudulenta de calquera das probas ou actividades académicas ou de avaliación suporán directamente a cualificación de suspenso, conforme a Normativa Académica.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>MANUAL BÁSICO DE LA MATERIA:- GUERRERO SERÓN, ANTONIO (2011). Enseñanza y sociedad. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid, S.XXI LECTURAS PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS:- HUXLEY, ALDOUS. Nueva visita a un mundo feliz, Madrid, Casa del libro. - BERGER, P. L. y LUCKMANN, T. (1966,2015): La construcción social de la realidad, Buenos Aires, Amorrortu.(pdf gratis)- LEXISLACIÓN VIXENTE (BOE e DOGA) CAMBRE MARIÑO, XESÚS. Educación e desenrolo. Revista de economía de Galicia, nº 61-63, 1968, pp. 43-45 (ISSN 0484-6990 ALMARCHA BARBADO, A. (1979): ?Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977? en Revista Española de Investigaciones Sociológicas, núm. 2, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, p.p. 115-148.ALONSO HINOJAL, I. (1991): Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas. AMORÓS, CELIA (1991). Hacia una crítica de la razón patriarcal. Barcelona, Anthropos.BERGER, P. L. y LUCKMANN, T. (1995): La construcción social de la realidad, Buenos Aires, Amorrortu.CARBONELL, J. (Comp.) (1996): La escuela, entre la utopía y la realidad: diez temas de sociología de la educación, Barcelona, Ediciones Octaedro.CARDÚS, S. (2001): El desconcierto de la educación, Barcelona, Ediciones B.DURKHEIM, E. (1996): Educación y sociología, Barcelona, Península.DURKHEIM, E. (1992): Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas. La evolución pedagógica en Francia. Madrid, La Piqueta.FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (Ed.) (1999): Sociología de la Educación, Barcelona, Ariel.FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1995): La escuela a examen, Madrid, Pirámide.FERNÁNDEZ ENGUITA, M. y TERRÉN, E. (2008): Repensando la organización escolar, Madrid, Akal. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. y GUTIÉRREZ SASTRE, M. (2005): Organización escolar, profesión docente y entorno comunitario, Madrid, Akal.FERNÁNDEZ PALOMARES, F. (Coord.) (2003): Sociología de la Educación, Madrid, Pearson Prentice-Hall.GIDDENS. A. (1993): Sociología, Madrid, Alianza.GIL VILLA, F. (1997): Teoría sociológica de la educación, Salamanca, Amarú.GINER. S. (1993): Sociología, Barcelona, Península.GÓMEZ JALDÓN, C. DOMÍNGUEZ, J. A. (2005): Manual de sociología de la Educación, Madrid, Pirámide.JEREZ MIR, R. (1990): Sociología de la Educación. Guía didáctica y textos fundamentales, Madrid, CU.LÓPEZ RUPÉREZ, F. (2001): Preparar el futuro. La educación ante los desafíos de la globalización. Málaga, La Muralla.MACIONIS, J. y PLUMMER, K. (1999): Sociología, Madrid, Pearson Prentice Hall.MCMILLAN, J. H. y SCHUMACHER, S. (2005): Investigación educativa, Madrid, Pearson Prentice Hall.SÁNCHEZ DE MADARIAGA, Elena (2012). Las Maestras de la República. Madrid, Los Libros de la Catarata.TABERNER GUASP, J. (1999): Sociología y educación. Funciones del sistema educativo en sociedades modernas, Madrid, Tecnos.VARELA, J. (2007): Las reformas educativas a debate (1982-2006), Barcelona, Morata. st1:*(behavior:url(#ieooui) } Fernández, F. (2003): Sociología de la Educación, Madrid, Pearson EducaciónFernández, M et al (2008): ?¿Fronteras en las aulas?: contacto transcultural y endogamia en las interacciones del alumnado?, en Revista de Educación, no. 345, Dedicado a: De inmigrantes a minorías: temas y problemas de la multiculturalidad Año: 2008, Número: 345Gil, F. (1994): Teoría sociológica de la educación. Amarú Editores. Lomas, C. (2007): ?¿La escuela es un infierno?: violencia escolar y construcción cultural de la masculinidad?, en Revista de Educación, nº. 342. Maciones, J. y K. Plummer (1999) Sociología, Madrid, Prentice Hall.Ritzer, G. (1993): Teoría sociológica clásica. McGraw-Hill Interamericana de EspañaSubirats, M. (2002): ?Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta?, en González, A. et al (coord.): Educar para la igualdad, educar desde la diferencia, Barcelona, Graó. Taberner, J. (1998): Teoría sociológica y educación. Universidad de Córdoba. Terrén, E., Fernández, M. (2008): ?De inmigrantes a minorías: temas y problemas de multiculturalidad (presentación)?, en Revista de Educación, no. 345, Dedicado a: De inmigrantes a minorías: temas y problemas de la multiculturalidad Año: 2008, Número: 345Valles, M. (1997): Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional, Madrid: Síntesis.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións
Para resolver calqueira dúbida ou consulta sobre da execución, avaliación, etc. da asignatura o alumnado que o precise deberá solicitar unha titoría á profesora ou cita previa, cunha semana de antelación como mínimo e indicación cos contidos a traballar, para orientar calqueira dúbida de carácter académica individual ou grupal.
(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías